

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Sánchez Moreiras, Adela María

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Mociño González, María Isabel
Pazos Couto, José María
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Duran Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

Lima González, Estela
Meis Solla, Iago
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Rodríguez Pousa, Estela

PTXAS

CONSELLO SOCIAL

Larriba Leira, M^a Elvira

Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

González González, Jaime

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de decembro de 2025, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 22 de decembro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2025 e á sesión extraordinaria do 01 de decembro de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2026.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de Orzamentos da Universidade de Vigo para 2026.
5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón da Asociación de tradutores galegos.
6. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2024-2025.
7. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios).
8. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto.
9. Aprobación, se procede, das modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto.
10. Aprobación, se procede, da creación da unidade docente 070PV no departamento X11.
11. Aprobación, se procede, da selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de TU e CU con cargo á OEP do 2024.
12. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2026/27.
13. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2026/27.

14. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2026/27.
15. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2026/27.
16. Renovación, se procede, do acordo para a equiparación do salario do persoal investigador Ramón y Cajal ao da figura de profesorado contratado doutor/ profesorado permanente laboral, sen prexuízo de que se a convocatoria de axudas Ramón Cajal fixase unha retribución superior, será de aplicación esta última.
17. Ratificación, se procede, dos cambios de vogais no Comité de Publicacións.
18. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 5 PTXAS; 5 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.
19. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.
20. Quenda de intervencións.

Antes de comezar cos puntos da orde do día, o reitor da a benvida aos dous novos membros do Consello de Goberno.

1. **Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2025 e á sesión extraordinaria do 01 de decembro de 2025.**

O reitor pide que se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Sexenios: entre o 9 e o 30 de xaneiro; laborais: 9 de febreiro, 2 de marzo.
- A actualización de salarios, en xaneiro. Os incrementos, en febreiro.
- Asinouse xa o Memorando de entendemento co Celta de Vigo.
- Consello Galego de universidades: cambio no Grao de CUD. Un grao relacionado con tecnoloxías navais.
- O termalismo, fio condutor do Campus de Ourense.
- Xornadas do II Encontro Ibérico de Internacionalización.
- A fundación Haz concedeu de novo o selo de transparencia máxima á Universidade de Vigo, reservado a institución que cumpre máis do 90% dos indicadores.
- Segundo libro de Escolma de termos científicos II.
- Xornadas de Portas Abertas.
- Publicouse o novo almanaque da ANL, por Pepe Carreiro.
- A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo aposta pola inclusión nunhas xornadas dedicadas ao estudantado.
- O CEUVI volta a reivindicar a creación do Consello Galego do Estudiantado.
- A Uvigo reduce a súa pegada ecolóxica ata un mínimo histórico de 0.19 hectáreas globais por persoa.

- Nova edición dos premios GirlGeekPower.
- Celebrouse en Vigo o concerto de Nadal.
- Os Campus de Pontevedra e Ourense participaron nas I Jornadas Nacionais de Campus Periféricos.
- Traballando xuntos polo futuro do Galego.
- O CIM lidera un consorcio internacional para acelerar o despegamento
- Manifesto polos dereitos humanos: reivindicando a diversidade.
- EXXperimenta en feminino.

Remata o informe ás 10.10.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2026.

O reitor cede a palabra á xerente, quen presenta o teito de gasto coa seguinte presentación:

Límite do gasto non financeiro

ANO	2025	2026	2027
Taxa de referencia	3,20 %	3,30 %	3,40 %

Orzamento de ingresos 2026 (por capítulos)

Resumo por capítulos de ingresos do orzamento 2026		
Capítulo	Afectado	Total
III Taxas e prezos públicos	0,00 €	16.950.951,00 €
IV Transferencias correntes	24.871.558,00 €	162.934.654,00 €
V Ingresos patrimoniais	0,00 €	725.000,00 €
VII Transferencias de capital	28.399.031,00 €	42.241.031,00 €
VIII Variación de activos financeiros	20.740.442,00 €	28.259.976,00 €
IX Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
	74.011.031,00 €	251.111.612,00 €

Orzamento de gastos 2026 (por capítulos)

Resumo por capítulos de gasto do orzamento 2026		
Capítulo	Afectado	Importe total
I Gastos de persoal	15.524.326,00 €	148.450.347,00 €
II Gastos correntes en bens e servizos	4.016.686,00 €	33.992.109,00 €
III Gastos financeiros	0,00 €	240.000,00 €
IV Transferencias correntes	5.067.907,00 €	8.715.919,00 €
V Fondo de continxencia	0,00 €	400.000,00 €
VI Inversións reais	49.402.112,00 €	59.110.037,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €	70.000,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €	133.200,00 €
	74.011.031,00 €	251.111.612,00 €

Teito de gasto para 2026

CÁLCULO LÍMITE GASTO PARA 2026		
	2025	2026
TOTAL, GASTO	248.362.080,00 €	251.111.612,00 €
TOTAL AFECTADO	-77.692.549,00 €	-74.011.031,00 €
TOTAL, CAPÍTULOS VIII E IX	-809.200,00 €	-203.200,00 €
TOTAL, NON AFECTADO NON FINANCEIRO	169.860.331,00 €	176.897.381,00 €
MARXE AUTORIZADA SOBRE EXERC. ANTERIOR	3,00%	3,00%
INCREMENTO AUTORIZADO	5.165.378,16 €	5.095.809,93 €
TOTAL, TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	175.025.709,16 €	181.993.190,93 €

Conclusión

- O teito de gasto resulta axustado á regra de gasto
- Garante o reforzo da prestación do servizo público pola Universidade de Vigo

Jacobo Porteiro ten unha dúbida: tiña entendido que nós, que temos unha fórmula que empregamos ano tras ano, utilizabamos o teito de gasto marcado pola Xunta, que o anunciaron en agosto nun 1.6 %. Non empregamos como referencia o teito de gasto da Xunta?

A xerente responde que a Xunta de Galicia utiliza o 1.6 derivado da sobre financiación que ten sobre o teito de gasto do Estado. O teito de gasto que utiliza a Xunta de Galicia o usa sobre ingresos, non sobre gastos. A Universidade de Vigo non pode utilizar o mesmo. Utilizamos o que se utiliza dende fai varios anos, a taxa de referencia do Estado. Hai debate.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do proxecto de Orzamentos da Universidade de Vigo para 2026.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa sobre os Orzamentos da Universidade de Vigo para 2026:

Orzamentos 2026

Proposta de orzamento da Universidade de
Vigo 2026
Liñas xerais

Universidade de Vigo



Escenario orzamentario

Condicionantes económicos e legais

- Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro de 2022.
- Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:
 - Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario
 - Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia
 - Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
 - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
 - Estatutos da Universidade de Vigo
 - Proxecto de lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026

Universidade de Vigo




Orzamentos 2026

Evolución económico-financeira da Universidade de Vigo

Universidade de Vigo



Achegas do plan de financiamento non condicionado e de investigación 2018-2026



Universidade de Vigo



Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2018-2026



Orzamentos 2026


Ingresos

Orzamentos 2026. Resumo do capítulo de ingresos

Capítulo		2025	2026
III	Taxas e prezos públicos	15.370.000,00 €	16.950.951,00 €
IV	Transferencias correntes	156.400.004,00 €	162.934.654,00 €
V	Ingresos patrimoniais	1.145.000,00 €	725.000,00 €
	Ingresos correntes	172.915.004,00 €	180.610.605,00 €
VII	Transferencias de capital	45.005.728,00 €	42.241.031,00 €
	Ingresos de capital	45.005.728,00 €	42.241.031,00 €
VIII	Variación de activos financeiros	29.251.325,00 €	28.259.976,00 €
IX	Variación de pasivos financeiros	1.190.023,00 €	0,00 €
		248.362.080,00 €	251.111.612,00 €

Orzamentos 2026. Distribución dos capítulos de ingresos

Capítulo		2025	2026
III	Taxas e prezos públicos	6,19%	6,75%
IV	Transferencias correntes	62,97%	64,89%
V	Ingresos patrimoniais	0,46%	0,29%
VII	Transferencias de capital	18,12%	16,82%
VIII	Variación de activos financeiros	11,78%	11,25%
IX	Variación de pasivos financeiros	0,48%	0,00%



Orzamentos 2026

Gastos

Universidade de Vigo



Orzamentos 2026. Orzamento de gastos (resumo por capítulos)

Variación dos capítulos de gasto 2025/2026			
Capítulo	Nome	2025	2026
I	Capítulo I. Gastos de persoal	145.682.543,00 €	148.450.347,00 €
II	Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos	35.017.812,00 €	33.992.109,00 €
III	Capítulo III. Gastos financeiros	390.000,00 €	240.000,00 €
IV	Capítulo IV. Transferencias correntes	8.310.762,00 €	8.715.919,00 €
V	Capítulo V. Fondo de continxencia	1.000.000,00 €	400.000,00 €
	Operacións correntes	190.401.117,00 €	191.798.375,00 €
VI	Capítulo VI. Inversións reais	57.151.763,00 €	59.110.037,00 €
	Operacións de capital	57.151.763,00 €	59.110.037,00 €
VIII	Capítulo VIII. Activos financeiros	70.000,00 €	70.000,00 €
IX	Capítulo IX . Pasivos financeiros	739.200,00 €	133.200,00 €
TOTAL		248.362.080,00 €	251.111.612,00 €


Táboa 10. Distribución do orzamento de gastos por capítulos

Universidade de Vigo



Distribución do orzamento de gasto 2026


Distribución orzamento de gasto 2025/2026			
Capítulo	Nome	2025	2026
I	Gastos de persoal	58,66%	59,12%
II	Gastos correntes en bens e servizos	14,10%	13,54%
III	Gastos financeiros	0,16%	0,10%
IV	Transferencias correntes	3,35%	3,47%
V	Fondo de continxencia	0,40%	0,16%
VI	Investimentos reais	23,01%	23,54%
VIII	Activos financeiros	0,03%	0,03%
IX	Pasivos financeiros	0,30%	0,05%



Participación dos principais capítulos de gasto no conxunto do orzamento. Comparativa 2025-2026

PROGRAMA		2025	2026
111L	DOTACIÓN FUNCIONAMIENTO FACULTADES E ESCOLAS	3.883.080,00 €	3.901.228,00 €
121D	APOIO AO ALUMNADO E DOCENCIA	9.041.988,00 €	9.196.838,00 €
131H	INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	51.770.005,00 €	51.967.557,00 €
141B	DOTACIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	2.273.900,00 €	2.250.800,00 €
211E	ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA	1.238.726,00 €	1.110.981,00 €
311V	DOTACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO	23.754.052,00 €	26.658.800,00 €
421S	GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA UNIVERSIDADE	156.400.329,00 €	156.025.408,00 €
TOTAL		248.362.080,00 €	251.111.612,00 €

Orzamentos 2026



Orzamentos 2026

9.196.834,00 € EN APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA



1.503.718 €
en bolsas e SS do
alumnado



3.574.577 €
en innovación educativa,
formación permanente e
Programa de maiores



260.000 €
en transporte



3.518.043 €
en promover a
internacionalización de
estudantado e profesorado

Orzamentos 2026

1.110.981,00 € ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA



442.095 €
para actividades
culturais



447.480 €
para actividades
deportivas



60.000 €
para o Campus CREA

Universidade de Vigo



Orzamentos 2026

51.967.557,00 € PARA INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA



2.867.118,00 €
para o sostemento dos
centros de investigación

272.694 €
para
departamentos



723.840 €
para o Centro de Apoio
á Investigación



1.050.000 €
para axudas á mobilidade dos
investigadores/as

9.0878.700,00 €
para proxectos
internacionais



785.000 €
para produción
científica

1.540.000
para contratos
predoutorais e outras
axudas á investigación

973.500,00 €
para investigación no
Campus Auga

Universidade de Vigo



Orzamentos 2026

26.658.800,00 € INFRAESTRUTURAS



9.966.206,00 €
en servizos de limpeza,
mantemento, vixilancia,
software e outros



1.722.095,00 €
en sustentabilidade



1.738.672,00 €
en infraestruturas
tecnolóxicas



6.611.669,00 €
para Escola de Enxeñaría
Aeronáutica



240.000,00 €
para actuación de reordenación
da Facultade de Belas Artes



300.000,00 €
para cambio de uso e mellora dos
espazos do Edificio de Fundación



3.780.000,00 €
para mantemento e dotación de
edificios, laboratorios e
preservación de espazos

Orzamentos 2026

156.025.408 € GOBERNO E ADMINISTRACIÓN



146.359.561,00 €
gastos de persoal



97.950,00 €
Plan de normalización lingüística



90.000,00 €
Igualdade



367.850,00 €
dotación do Consello
Social



3.986.238,00 €
en subministracións



5.024.909,00 €
gasto de funcionamento
ordinario

Orzamentos 2026

3.901.228 € PARA DOTACIÓN DOS NOSOS CENTROS



2.250.800 € PARA DOTACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

Orzamentos 2026

INVESTIMENTOS

DETALLE DE INVESTIMENTOS			
	NETO	IVA	TOTAL
MELLORAS EFICIENCIA ENERXÉTICA	895.726,45 €	188.102,55 €	1.083.829,00 €
Instalacións fotovoltaicas	154.500,00 €	32.445,00 €	186.945,00 €
Instalacións térmicas	741.226,45 €	155.657,55 €	896.884,00 €
MELLORAS INSTALACIÓNS	789.256,20 €	165.743,80 €	955.000,00 €
Melloras edificacións-instalacións	789.256,20 €	165.743,80 €	955.000,00 €
NOVAS EDIFICACIÓNS	5.464.189,26 €	1.147.479,74 €	6.611.669,00 €
Edificio Aeroespacial	5.464.189,26 €	1.147.479,74 €	6.611.669,00 €
	7.149.171,90 €	1.501.326,10 €	8.650.498,00 €

A continuación toma a palabra o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, Félix Quintero, quen pasa a explicar as seguintes actuacións principais:

Principais actuacións

Actuación	Orzamento	Procedencia do orzamento	
E. E. Aeronáutica e do Espazo	6 611 669,00 €	71,4 % Convenio XdG	28,6 % Fondos propios
Melloras de eficiencia enerxética	1 083 829,00 €	62 % Axudas INEGA	38 % Fondos propios
Mantemento edificios e instalacións	1 700 000,00 €		100 % Fondos propios
Equipamento laboratorios docentes (626)	820 000,00 €		100 % Fondos propios
Obras remediación radon	300 000,00 €		100 % Fondos propios
Remodelación talleres Belas Artes	240 000,00 €	71,4 % Convenio XdG	28,6 % Fondos propios
Remodelación espazos en Fundición	300 000,00 €		100 % Fondos propios
Melloras urbanización campus	200 000,00 €		100 % Fondos propios

Universidade de Vigo

A continuación intervéñen José Fariña, director da Escola de Enxeñaría Industrial, para facer unha reflexión sobre algo que coñece na súa corta experiencia no cargo. En ningún caso faise unha previsión de actualización de contidos de laboratorios. Faise mantemento, cunha tendencia á baixa, pero non para renovación de laboratorios. Soamente se pode facer se é unha titulación nova ou un edificio novo. A el gustaría lle que as persoas que van a liderar a Universidade nos próximos anos, pensen naquelas titulacións que levan 50 anos traballando na Universidade e necesitan unha renovación profunda dos seus laboratorios. Sería incluso unha previsión de máis de 2.500.000 euros o custo para a Escola de Industriais, sendo unha cifra que se queda corta. Gustaríalle esta reflexión, necesitan unha renovación cunha dotación importante. A medida do Radon está ben, pero necesita unha actuación posterior. Descoñece se a Xunta de Galicia ten un presuposto de acompañamento, pero deberíamos esixilo para implementar as medidas necesarias de contención do Radon. Na Escola de Enxeñaría Industrial hai un problema importante.

O reitor di que é moi correcta a reflexión. O vicerreitor di que temos que acadar fondos excepcionais para esa circunstancia excepcional. A dotación do Radon é unha dotación con fondos propios, co esforzo da propia institución.

Jacobo Porteiro di que durante anos presentáronse os orzamentos como un exercicio de equilibrio, de responsabilidade. El preguntou o venres sobre o concepto de variación de activos financeiros, afectados e non afectados, e preguntou se ese 7.6 millóns de diferenza supoñía que sacabamos dos remanentes non afectados 7.6 millóns do fondo para equilibrar ingresos e gastos. Sorprendeulle a resposta, que foi si, é así, sacamos os 7.6 millóns do fondo para balancear ingresos e gastos. E non só iso, senón que Xoán Cebro veu dicir que coas medidas que temos sería imposible equilibrar orzamento. Entón a pregunta é que, xa que recoñecemos o que antes negabamos, cal sería o plan?, que é o que temos previsto?, porque xa non teríamos remanente non afectado para equilibrar ingresos e gastos. Chegará un momento no que xa non teremos remanente non afectado. A xerente di que o ano pasado non usamos remanente, o fixemos este ano. Non hai

prohibición, non temos débeda, tiñamos unha débeda de anos anteriores que tivemos que pagar ata o de agora. Hai debate. Jacobo Porteiro di que sempre intenta ir ao mínimo con votacións en contra, porque é partidario de que o goberno elixido lexitimamente exerza as accións de goberno e goberne. Neste caso cre que ten que votar en contra destes orzamentos totalmente desequilibrados. As explicacións que se dan non lle parecen suficientes, e por tanto non sería sostible esta política orzamentaria.

Virxilio Rodríguez intervén para dicir que parte da súa intervención xa foi anticipada por Jacobo Porteiro. Está de acordo co que se plantexou e tamén co que se dixo o outro día no Claustro, ata onde puido seguir. Tirar do remanente de tesourería e non poder identificar o concepto ao que van dirixidos eses 6 millóns de euros non parece moi razoable nin desexable. Por outra parte, é unha senda que se ten tomado xa fai algún tempo. Quere tamén indicar que nestes orzamentos o gasto de mantemento, edificios e instalacións, entende que é insuficiente, cre que hai unha degradación das instalacións en xeral da universidade, sen centrarse en exemplos puntuais.

Dolores Garza di que o orzamento non é sostible, coa utilización dos remanentes para equilibrar os ingresos e os gastos, tal e como se comentou no Claustro a semana pasada. Coincide ademais en que as explicacións non lle parecen suficientes, e ademais quere resaltar que as partidas de gasto para facultades e escolas universitarias apenas se incrementan, e a maioría dos edificios teñen xa mais de 30 anos. O incremento é de apenas un 0.5 %, e iso sen ter en conta o custo da vida, (se escoita as veces con dificultade), e o incremento debería ser maior.

Intervén a continuación Vicente Romo dicindo que vai falar como técnico da administración en excedencia, aínda que sexa profesor na actualidade, para dar a súa opinión sobre este tema. Aquí comentouse, e ten certa razón, que se se ingresa menos do que se gasta algún día chegarán os recortes, e iso é así. Pero ten certos matices: o que non é eficiente desde o punto de vista do gasto público é incorporar un remanente ano tras ano, estamos falando de moitos anos, e o motivo é que o reitor non podería ir a outras administracións (a maioría endebedadas) para pedir cartos; se temos de sobra, haberá que executar o remanente, isto é un principio de eficiencia. A Universidade de Vigo é unha universidade totalmente saneada e este é un orzamento histórico. Debemos mirar o crecemento, e dar unha ollada ás universidades que temos no noso entorno, a UDC, e a USC. En canto ás dúbidas de se no futuro podería haber tensións de tesouraría, podería habelas, anque é improbable, pero poderían resolverse, e se poderían asumir, incluso, por exemplo, coas xubilacións previstas.

Intervén López Mira para dicir que vai votar en contra, por un tema do centro. Consolidouse nos últimos tres anos, coa escaseza nunha facultade de nova creación como é a Facultade de Dirección e Xestión Pública a que non se dotou de medios para poder avanzar, se cadra, todo o rápido que debían. Isto é unha promesa incumprida porque hai 4 anos, cando anunciou a abstención, o reitor comprometérase a negociar e modificar na medida do posible, sempre respectando os criterios obxectivos establecidos, a este centro tan infradotado. Non se trata de establecer comparacións, pero ten o tercio do orzamento de centros do seu tamaño, e ten o mesmo orzamento que centros coa metade do seu tamaño. Espera que quen ocupe no futuro a Xerencia da Universidade de Vigo, no próximo mandato, teña en conta esta petición.

Intervén Carmen Ruiz para dicir que está totalmente de acordo co que dixo Vicente Romo, volvemos sempre ao mesmo. Ela forma parte da Comisión de Planificación, na que se deu o visto

bo aos orzamentos, e parécelle gravísimo que todos os anos se deixe caer a dúbida de que non se está actuando correctamente. Un orzamento, tal e como marca a Ley General Presupuestaria, é unha previsión de ingresos e unha autorización do gasto. O que estamos aprobando é, en definitiva, unha previsión de ingresos, e autorizando un gasto que si está vinculado. A universidade ten unha función propia, totalmente finalista, prestar un servizo público, non está para aforrar, non está para ir incorporando un remanente, aforrando, e deberíamos reflexionar por que non se executou nunca dito remanente. Coincide con Vicente Romo en que como imos recortar en persoal cando temos remanente, e como imos ir a Xunta a pedir cartos cando temos un remanente que temos que executar. Sinceramente, parécelle moi grave a dúbida que se di de que este orzamento non está equilibrado, porque o orzamento si está equilibrado, é moi grave dicilo nun ámbito universitario e académico.

Hai debate.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro, di que está de acordo en utilizar remanentes para algo excepcional, ou algo estrutural, que pode xerar a futuro competitividade. O problema é cando se incorporan para equilibrar gastos correntes e estruturais. Incrementan a súa preocupación as respostas dadas porque se utiliza o remanente para equilibrar o presuposto.

Yolanda Lesmes, xerente, di que estamos nun momento dun pico moi alto no crecemento vexetativo, que se reequilibrará en dous, tres anos, aproximadamente, volvendo a taxas de menos gasto. Hai debate.

Intervén de novo Vicente Romo para dicir que non temos que ter medo. Non estamos endebedados, e ademais hai un estudo coa prognose das xubilacións previstas nos próximos anos, e vendo estes datos, deberíamos estar totalmente tranquilos.

Yolanda Lesmes di que aínda aplicando o 1.6 estaríamos dentro do límite do gasto. Quere engadir que, a petición da Comisión Económica do Consello Social, temos que retirar a disposición adicional segunda das normas de execución do orzamento. Nesta disposición fálase da firma do reitor para operacións de préstamo, pero aínda que sexa unha cuestión formal, prefiren que se retire. Coméntao porque a Comisión celebrouse neste días e ten que comunicalo.

Lévase a cabo a votación:

Votos a favor 33

Votos en contra 6

Abstencións 6

Apróbase por maioría.

5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón da Asociación de tradutores galegos.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa sobre a doazón que fai a Asociación de Tradutores Galegos, para que sexa aceptada.

O reitor comenta que a nosa institución aposta polo galego, e que deberíamos aceptar a doazón ofertada.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2024-2025.

O reitor comenta que a documentación a teñen todos o membros do Consello de Goberno, e debemos proceder a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta as seguintes modificacións:

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios)

Para os efectos do cómputo de anos e poder obter o dereito a ser avaliado, o tempo en que se prestaran servizos docentes en réxime de dedicación diferente á de tempo completo ou asimilado será valorado en base ao principio de *pro rata temporis*, tal e como establece a Directiva 97/81/CE do Consello, de 15 de decembro de 1997, relativa ao Acordo marco sobre o traballo a tempo parcial concluído pola UNICE, o CEEP e a CES, na súa Cláusula 4, e ao artigo 12.4 d) do Estatuto dos Traballadores, no relativo ao contrato de traballo a tempo parcial. Segundo a Directiva citada, establécese un recoñecemento *a prorrata* segundo o tempo de prestación de servizos. Para os efectos do cálculo da prorrata consideraranse 240 h como o 100%, fixándose así a seguinte norma reguladora:

Profesorado a tempo completo – 100 %
Profesorado a tempo parcial P6 (180 horas) – 75 %
Profesorado a tempo parcial P5 (150 horas) – 62,50 %
Profesorado a tempo parcial P4 (120 horas) – 50 %
Profesorado a tempo parcial P3 (90 horas) – 37,50%

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios)

5. EQUIVALENCIAS COMO PERÍODO DOCENTE

- Servizos especiais.
- Comisións de servizos en centros das administracións públicas.
- A situación dos representantes sindicais exentos de actividade docente.
- Cargos académicos con exención do 100%
- Medidas en prol da conciliación

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios)

A cualificación obtida nas enquisas de Avaliación Docente será tida en conta para a concesión do complemento do complemento específico por mérito docente (quinquenio) durante o período solicitado.

Para iniciar o procedemento establecido nesta normativa, será necesario que, de acordo ao establecido pola vicerreitoría con competencias en profesorado, os departamentos e centros (escola e facultades) informen se existe algún ou algunha docente cun informe desfavorable correspondente ao tramo ou tramos do(s) quinquenio(s) que se somete(n) a avaliación.

7. CRITERIO PARA A AVALIACIÓN DO COMPLEMENTO DE ACTIVIDADE DOCENTE

Unha vez rematado o prazo establecido na convocatoria correspondente para a emisión dos informes, o silencio administrativo interpretárase como a inexistencia de docentes con informe desfavorable no departamento ou centro.

De existir informe desfavorable para algún ou algunha dos(as) docentes participantes na convocatoria, éste deberá basearse nas reclamacións formais presentadas e no incumprimento sistemático das obrigas docentes básicas, debidamente documentado e motivado. O Informe deberá achegarse aprobado polo Consello de Departamento ou Xunta de Centro. Quedan expresamente excluídas as valoracións obtidas nas enquisas de avaliación docente.

Para a concesión dos períodos de avaliación docente teranse en conta os seguintes supostos:

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios)

7. CRITERIO PARA A AVALIACIÓN DO COMPLEMENTO DE ACTIVIDADE DOCENTE

a) A concesión será automática para toda persoa solicitante que se atope nalguna das seguintes situacións:

a.1) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 4,4.

a.2) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 3,6 e:

a) Non teña informe desfavorable do Consello de Departamento.

Ou

b) Teña informe desfavorable do Consello de Departamento pero non da Xunta de Centro á que pertence.

a.3) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 2,5 e non conte con informes desfavorables do Consello de Departamento e Xunta(s) de Centro(s).

a.4) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 1,5, non conte con informes desfavorables do Consello de Departamento e Xunta(s) de Centro(s) e a suma da cualificación da enquisa coa valoración doutras actividades sinaladas no ANEXO I, avaliada pola Comisión Académica e de Profesorado (COAP), alcance o valor de 2.5.

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios)

ANEXO I ACTIVIDADES A AVALIAR POLA COAP PARA A APLICACIÓN DO CRITERIO d4

Actividade	Puntuación
<u>Resultado da avaliación no marco do Programa Docencia quinquenal aplicable ao período de valoración do quinquenio correspondente</u>	<u>0,5 se o resultado é polo menos de Notable</u>
Asistencia a cursos de formación docente organizados pola Universidade de Vigo	0,1 por cada 10 horas
Realización da propia tese doutoral	<u>0,5 puntos</u>
Docencia de materia impartida por 1ª vez polo/a profesor/a	0,03 por crédito
Docencia de materia impartida por 1ª vez na Universidade	0,06 por crédito
Máis de 2 materias	0,02 por crédito na 3ª e sucesivas materias
Máis dun campus	0,02 por crédito no 2º ou 3º campus
Outras circunstancias non previstas nos apartados anteriores e descritas nun <u>autoinforme</u> xustificativo: participación noutras comisións, outra docencia non retribuída, etc.	• <u>Participación en Proxectos de Innovación Docente (PID) con informe final positivo: ata 0,2 puntos.</u> • <u>Participación significativa en Comisións Delegadas de Xunta de Centro/Departamento: ata 0,15 puntos.</u> • <u>Participación en Programas de Titulización Específicos: ata 0,15 puntos.</u> <u>A suma destes sub-criterios non deberá exceder os 0,5 puntos.</u>

A vicerreitora informa que pasou pola Mesa e pola COAP.

Intervención de Virxilio Rodríguez Vázquez:

“Respecto das modificacións da normativa de recoñecemento de actividade docente (quinquenio) que se traen á aprobación neste CG, propónse o que considero unha mellora na redacción desde o punto de vista de técnica normativa e a efectos de aclarar o contido e, por tanto, e aras a unha mellor e máis segura aplicación da norma. No caso de que estas melloras non se tomen en consideración neste CG, prégase que se teñan en conta de cara a modificacións futuras da norma. En todo caso, valoro positivamente o sentido da modificación da norma que, como ademais explicou agora a Vicerreitora, ten como principal obxectivo simplificar e axilizar o procedemento administrativo, reducindo os trámites burocráticos tanto para a persoa administrada como para a propia Administración.

1. Clarificación dos criterios de avaliación

No artigo 7, baixo a rúbrica «CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DO COMPLEMENTO DE ACTIVIDADE DOCENTE», debe enumerarse expresamente que a avaliación se baseará nos seguintes criterios:

1. Cumprimento do período mínimo de cinco anos.
2. Grao de calidade das Enquisas de Avaliación Docente (EAD).
3. Ausencia de informes desfavorables emitidos por centros ou departamentos.

2. Definición das tres situacións de avaliación

Propónse establecer tres escenarios claros:

- A) Sen informes desfavorables e cunha media superior a 4,4 nas EAD → Avaliación positiva.
- B) Informe desfavorable ou media inferior a 3,6 → Avaliación positiva salvo circunstancias negativas debidamente motivadas.
- C) Informe desfavorable e media inferior a 3 → Non se recoñecerá o complemento.

3. Procedemento simplificado e automatizado

Antes da apertura do prazo de solicitude, a Vicerreitoría de Profesorado requirirá aos centros e departamentos que remitan, no prazo establecido, os informes desfavorables existentes.

De non remitirse no prazo, entenderase que non existen informes desfavorables. Ao abrirse o período de solicitude, a Vicerreitoría comunicará a cada docente que cumpra os requisitos temporais a situación na que se atopa (A, B ou C), para que decida se solicita ou non a avaliación.

Recoméndase implementar este procedemento mediante unha aplicación informática que permita automatizar alertas e consultas.

4. Motivación dos informes desfavorables

Os informes desfavorables deberán fundamentarse en incumprimentos documentados das obrigas docentes e en reclamacións resoltas negativamente para o docente, non só presentadas”.

A vicerreitora recolle as suxestións de Virxilio. Levaraas para a próxima convocatoria de quinquenios.

Arno Formella pregunta, cando e quen pide tal informe desfavorable ao centro correspondente?

O reitor responde que se envía a listaxe das persoas que lles toca quinquenio, vai a centro e a departamento. Se non hai informe desfavorable, hai silencio positivo.

Virxilio di, como final, que deberían ser reclamacións resoltas, non sobre reclamacións presentadas.

Marta Pazos concorda en cambialo sen levalo á mesa.

Rebeca Díaz Redondo ten unha dúbida de procedemento que consulta á Vicerreitora. Este indícalle que os centros recibirán o listado dos profesores que solicitan o quinquenio nesa convocatoria e di que a modificación o que supón é que o que ten que levar a aprobación son os desfavorables, porque o silencio implica que non hai desfavorables. A vicerreitora di que a proposta para os informes desfavorables partirá do equipo directivo, aínda que se leve a aprobación despois da xunta de centro. O reitor di que é un proceso de anonimización. Rebeca di que non está entendendo ben, porque os informes desfavorables se aproban en órgano colexiado é, por tanto, nel están representados todos os colectivos, que son os que deben facer a valoración. Se parte do equipo directivo, estase perdendo a oportunidade de que todos os colectivos revisen os listados de solicitudes e poidan facer os seus comentarios. A vicerreitora di que quen recibe as queixas sobre un determinado profesor é o equipo directivo, cre que é mais doado que o leven eles. Rebeca di que a entidade quen ten os datos é a Área de Calidade, e xa non tería que vir aos centros. Se xa non se vai a ter en conta os comentarios dos membros das xuntas de centro, entón o mellor sería que o levasen directamente dende a Área de Calidade. A vicerreitora di que a Área de Calidade non é un órgano colexiado. Hai debate. Rebeca pregunta tamén sobre a páxina 7, apartado 1, que indica como baremo a participación significativa en Comisións Delegadas de Xunta de Centro, e quere saber que significa exactamente. A vicerreitora responde que a asistencia é un criterio que indica a participación significativa. Rebeca responde que lle gustan as cousas cuantificadas, seguramente porque provén do mundo da enxeñaría, e que para poder tomar unha decisión positiva ou negativa ten que estar claro o umbral, a expresión “participación significativa” non é claro.

Concepción Paz pregunta sobre este documento, cuxa redacción é un pouco ambigua, aínda que coas explicacións dadas a Rebeca quédalle un pouco máis claro como sería o procedemento, polo que non vai facer a pregunta que tiña preparada. Pero si quere indicar o seguinte, que o tema das reclamacións resoltas non é trivial, débese cambiar, non é o mesmo unha reclamación presentada que resolta.

Dolores Garza agradece a simplificación do procedemento e as matizacións, agora xa está aclarado e resolto.

Mercedes Soto di que xa se resolveu a dúbida que tiña que era como proceder, desde os equipos decanais sabemos se hai incumprimento dalgún docente, control de asistencias, actas en tempo que se analizan no informe, e así saben quen pode estar incumprindo.

Carmen Ruiz intervén para preguntar sobre a participación significativa en Comisións Delegadas de Xunta de Centro/Departamento, e quere saber se é aberto ou se é unha lista pechada. Participase con intervencións significativas en xuntas de goberno, comisións delegadas de Consello de Goberno se terían en conta? A vicerreitora responde que non, ten que ser unha comisión dentro do centro/departamento.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen di en primeiro lugar que a normativa aprobouse por asentimento na Mesa de negociación e na COAP, para seguidamente facer a seguinte presentación das modificacións, recollendo as suxestións dos departamentos e dalgúns servizos :

Modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto

1. Profesorado contratado substituto

- 1.1. O profesorado contratado substituto terá dedicación parcial. Poderá ter dedicación total cando esta sexa para substituír a un único/a docente e estea debidamente motivada (excedencia, servizos especiais, baixa de longa duración etc.). A finalidade dos seus contratos será a establecida no artigo 80 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU). A solicitude, debidamente motivada segundo informe do departamento, será enviada á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado e avaliada pola COAP, quen autorizará ou non a correspondente contratación.
- 1.2. A provisión de prazas de profesorado substituto realizarase mediante listaxes de agarda que se xerarán mediante un concurso específico.
- 1.3. A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución. Nos casos nos que a causa da substitución (excedencia, servizos especiais, baixa de longa duración etc.) se prolongue máis alá dun curso académico, o profesor substituto/a permanecerá contratado de xeito continuado ata que se extinga o motivo da substitución. Ao final de cada curso académico, o consello de departamento poderá emitir un informe desfavorable motivado, que será avaliado na COAP, quen escoitará a tódalas partes implicadas.

Modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto

2.2.2 As listaxes serán **permanentes, non caducables.** A vicerreitoría en materia de profesorado fará un chamamento anual aos departamentos para que comuniquen as listaxes de agarda que queiran actualizar. En calquera caso, as listaxes terán que ser actualizadas obrigatoriamente pasados 3 anos. O prazo para **actualizar as listaxes** comezará o 1 de novembro e rematará o 15 de novembro (ambos incluídos) de cada curso académico. As comisións terán, como máximo, 10 días hábiles para avaliar as persoas candidatas presentadas ás listaxes de agarda e para enviarlle a listaxe ao Servizo de PDI. As comisións enviaranlle ao Servizo de PDI unha listaxe priorizada das persoas candidatas, incluíndo o número de decimais necesarios para permitir o desempate. As listaxes publicaranse, ademais, no taboleiro oficial e na páxina web da Universidade de Vigo.

Non obstante o anterior, as unidades docentes que, por quedar unha listaxe deserta precisen solicitar unha nova listaxe así como nos casos nos que se considere preciso mudar os criterios, o Departamento solicitará a xeración dunha nova listaxe, que derrogará a anterior listaxe permanente (que se manterá vixente ata que a nova sexa resolta).

Modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto

- 2.2.3 A avaliación dos méritos presentados polas persoas candidatas será feita por unha comisión de selección, constituída por tres docentes da área ou áreas afíns (máis tres suplentes), que se constituirá e publicará os requisitos que a comisión terá en conta para avaliar os méritos, previamente á súa presentación polos/as solicitantes. A comisión avaliadora poderá ser renovada na actualización anual das listaxes, se ben os criterios específicos deberán ser respectados para evitar desigualdades na avaliación. Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador, con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical ou os docentes propostos para a comisión, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión. No caso de que algunha das persoas candidatas considere necesaria a presenza dun representante sindical, poderá requirila, a través da comunicación á propia comisión avaliadora, en calquera momento ao longo de todo o desenvolvemento do concurso da praza (mentres o proceso de avaliación estea aínda en curso).

Modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto

- 2.2.4 As persoas candidatas presentarán **unicamente os 10 méritos máis salientables da súa traxectoria** académica, docente, laboral e investigadora (p. e., número total de horas de docencia universitaria, número total de horas de docencia non universitaria, mestrados de especialidade etc.), xustificando a súa selección e relevancia para a listaxe de agarda á que se están a presentar. Todas as persoas solicitantes, incluídas as que xa estaban na listaxe, poderán substituír un mérito por outro (indicando o mérito a substituír) ou ben actualizar os 10 méritos solicitados. De non presentaren ningún mérito manterase a mesma puntuación que tiña anteriormente.
- 2.2.5 A puntuación obtida tras avaliar os 10 méritos presentados por cada aspirante determinará o seu lugar na listaxe segundo o resultado da avaliación obtida cada ano. A orde de prelación será determinada pola avaliación dos méritos presentados.

Modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto

3.3. O/A aspirante que reciba unha oferta deberá responder nun prazo máximo de 24 horas. De non facelo, producirase a súa renuncia e ofreceráselle á seguinte persoa candidata.

Desde a aceptación da oferta do contrato, o inicio da relación laboral farase á maior brevidade posible, agás no caso de tramitacións de expedientes de compatibilidade.

3.5. No caso de de renuncia a un contrato en vigor, a persoa candidata deberá preavisar con 15 días de antelación ao Departamento e ao Servizo de PDI, e pasará ao final da listaxe no caso de querer seguir na mesma. Non se considerarán as renuncias pola aceptación dunha mellora de contrato conforme ao suposto anterior.

3.6. No caso de **rexeitamento para asinar un contrato**, permanecerá no seu posto na listaxe se a causa é xustificada e pasará ao final da mesma se a causa non está xustificada.

Virxilio Rodríguez comenta en relación co punto 2.2.2: ese epígrafe comeza dicindo a rúbrica que as listaxes serán permanentes e non caducables, e despois dise que necesariamente terán que ser actualizadas transcorridos 3 anos, pero se é permanente e non caducable... A vicerreitora di que calquera pode estar na listaxe durante 3 anos sen engadir ningún mérito novo e sen facer nada, sen que caduque a presenza da persoa nesa listaxe. Polo tanto non caduca a súa presenza na listaxe. Virxilio di que é diferente que a lista sexa caducable. Pregunta tamén outra dúbida: “Cando precisen mudar os criterios”, quere saber a que se refire. A vicerreitora comenta que os departamentos, cando solicitan unha lista de agarda, teñen que fixar uns criterios de titulación, e os que solicitan, por exemplo, para inglés ou outro idioma, teñen que precisar o nivel requirido.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, das modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen comenta que foi aprobado na mesa de negociación, co voto en contra da CIG, mentres na COAP aprobouse por asentimento.

Modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartados correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns ou áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración á das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas). Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.*

Matrícula de honra	10
Sobresaliente	9.0-9.9
Notable	7.0-8.9
Aprobado	5.0-6.9

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

- c) Expediente académico no Mestrado (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas)*

Matrícula de honra	10
Sobresaliente	9.0-9.9
Notable	7.0-8.9
Aprobado	5.0-6.9

Modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

- e) Tese de Doutoramento*.

Sobresaliente " <u>cum laude</u> " (ou Apto " <u>cum laude</u> ")	10
Sobresaliente	9.0-9.9
Notable	7.0-8.9
Aprobado	5.0-6.9

- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos

- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto

- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto

* No caso de non figurar nota numérica no expediente académico a comisión acordará unha nota cuantitativa para cada un dos niveis, que será a mesma para todas as persoas candidatas afectadas. No caso de que o expediente académico non estea calculado en base a 10 será prorrateado.

Modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto

2. EXPERIENCIA DOCENTE

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartado/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración á das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

a) Docencia universitaria:

- i. 2 puntos por cada curso académico de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
- ii. Para a docencia en réxime de dedicación a tempo parcial aplicase o seguinte prorrateo:
 - 1,5 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
 - 1,25 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
 - 1 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
 - 0,75 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P3 (90 h).

Modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto

b) Docencia non universitaria:

- I. 0,125 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- II. 0,05 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).

c) Tutorización de TEGs/TFMs ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto. Dividirase por dous no caso de co-tutorización.

d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

e) Cursos de formación docente recibidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes, cada un dos cales suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.

Modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto

- f) Cursos de formación docente impartidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes, cada un dos cales suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
- g) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto
- h) Outros méritos docentes: ata o máximo de 1 punto.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da creación da unidade docente 070PV no departamento X11.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa sobre esta petición do departamento porque non teñen ningún docente permanente:

Creación da unidade docente 070PV no departamento X11

Por medio do presente escrito e dando continuidade a unha iniciativa previa (Acordo do Consello de Departamento de 31 de marzo de 2025), solicítase a creación dunha nova Unidade Docente que unifique os encargos de docencia dos campus de Pontevedra e Vigo, a causa de falta de PDI permanente, na Área de Ciencia Política e da Administración (A0070) pertencente a este Departamento.

Quedo a disposición para facilitar calquera información adicional que resulte necesaria.

Atentamente,

Pontevedra, 11 de decembro de 2025.

CANCELA OUTEDA
CELISO - 35311103P

O DIRECTOR DO DEPARTAMENTO
Asdo.: Celso Cancela Outeda

Departamento	UD	Folgora	Características
X11	0070-P	-691	
X11	A0070-V	-90	UD sen permanente

Universidade de Vigo



Aprobouse por asentimento na COAP.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de TU e CU con cargo á OEP do 2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen comenta que foi aprobada por unanimidade en Mesa de negociación:

Selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de CU

C. Área	Área	Dpto	Departamento	Campus	Data aced
A0240	EDAFOLOXIA E QUIMICA AGRICOLA	00C02	BIOLOXIA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	Ourense	2023-12-19
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo	2024-06-05
A0605	MECANICA DOS MEDIOS CONTINUOS E TEORIA DAS ESTRUCTURAS	00T05	ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECANICA APLICADA E CONSTRUCCION	Vigo	2024-07-11
A0560	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	00T13	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	Vigo	2024-07-18
A0140	DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL	00X13	DEREITO PUBLICO ESPECIAL	Ourense	2024-07-22
A0295	EXPLOTACION DE MINAS	00T06	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS MEDIO AMBIENTE	Vigo	2024-07-18
A0605	MECANICA DOS MEDIOS CONTINUOS E TEORIA DAS ESTRUCTURAS	00T05	ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECANICA APLICADA E CONSTRUCCION	Vigo	2024-09-05
A0230	ECONOMIA FINANCIERA E CONTABILIDADE	00X07	ECONOMIA FINANCIERA E CONTABILIDADE	Ourense	2024-09-18
A0385	FISICA APLICADA	00T08	FISICA APLICADA	Vigo	2024-09-19
A0370	FILOLOXIAS GALEGA E PORTUGUESA	00H03	FILOLOXIA GALEGA E LATINA	Pontevedra	2024-09-19
A0420	XENETICA	00C03	BIOQUIMICA, XENETICA E INMUNOLOXIA	Vigo	2024-10-17
A0800	TEORIA DO SINAL E COMUNICACIONES	00T14	TEORIA DO SINAL E COMUNICACIONES	Vigo	2024-10-21
A0140	DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL	00X13	DEREITO PUBLICO ESPECIAL	Vigo	2024-10-22
A0560	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	00T13	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	Vigo	2024-10-29
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo	2024-11-19
A0140	DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL	00X13	DEREITO PUBLICO ESPECIAL	Ourense	2024-11-19
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo	2024-11-25
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo	2024-11-25
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2024-11-27
A0427	XEODINAMICA EXTERNA	00C10	XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACION DO TERRITORIO	Vigo	2024-12-16
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2024-12-18
A0814	TRADUCCION E INTERPRETACION	00H12	TRADUCCION E LINGÜISTICA	Vigo	2024-12-19
A0412	FISIOLOXIA VEXETAL	00C02	BIOLOXIA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	Vigo	2025-01-16
A0245	EDUCACION FISICA E DEPORTIVA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Ourense	2025-01-24
A0555	ENXEÑERÍA QUIMICA	00T04	ENXEÑERÍA QUIMICA	Vigo	2025-02-17

Selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de CU

C. Área	Área	Dpto	Departamento	Campus	Data aced
Novo bloque (actualización setembro 2025)					
A0520	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	00T07	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	Vigo	2024-03-06
A0415	FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA	00X08	FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA E HISTORIA E INST. ECONOM.	Vigo	2025-04-24
A0185	DEBUXO	00H09	DEBUXO	Pontevedra	2025-06-02
A0225	ECONOMÍA APLICADA	00X06	ECONOMÍA APLICADA	Vigo	2025-06-25
A0105	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2025-06-30
A0187	DIDACTICA DA EXPRESION CORPORAL	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2025-07-02

Selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de TU

C. Área	Área	Dpto	Departamento	Campus	Data aced
A0567	LINGUA ESPAÑOLA	00H10	LINGUA ESPAÑOLA	Vigo	TU interina
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2024-06-29
A0785	TECNOLOXIA ELECTRONICA	00T11	TECNOLOXIA ELECTRONICA	Vigo	2024-07-17
A0515	ENXEÑERÍA DOS PROCESOS DE FABRICACION	00T01	DESEÑO NA ENXEÑERÍA	Vigo	2021-10-28
A0775	SOCIOLOXIA	00X11	SOCIOLOXIA, CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACION E FILOSOFIA	Pontevedra	2024-03-25
A0215	DIDACTICA E ORGANIZACION ESCOLAR	00X04	DIDACTICA, ORGANIZACION ESCOLAR E METODOS DE INVESTIGACION	Ourense	2024-05-15
A0813	TRABALLO SOCIAL E SERVICIOS SOCIAIS	00X01	ANALISIS E INTERVENCION PSICOSOCIOEDUCATIVA	Ourense	2024-06-29
A0625	METODOS DE INVESTIGACION E DIAGNOSTICO NA EDUCACION	00X04	DIDACTICA, ORGANIZACION ESCOLAR E METODOS DE INVESTIGACION	Ourense	2024-07-11
A0680	PERSONALIDADE, AVALIACIÓN E TRATAMENTO PSICOLOXICOS	00X01	ANALISE E INTERVENCION PSICOSOCIOEDUCATIVA	Ourense	2024-07-20
A0495	ENXEÑERÍA AEROSPAIAL	00T03	ENXEÑERÍA MECANICA, MAQUINAS E MOTORES TERMICOS E FLUIDOS	Ourense	2024-09-04
A0545	ENXEÑERÍA MECANICA	00T03	ENXEÑERÍA MECANICA, MAQUINAS E MOTORES TERMICOS E FLUIDOS	Vigo	2024-09-05
A0590	MAQUINAS E MOTORES TERMICOS	00T03	ENXEÑERÍA MECANICA, MAQUINAS E MOTORES TERMICOS E FLUIDOS	Vigo	2024-09-05
A0230	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	00X07	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	Vigo	2024-09-10
A0412	FISIOLOXIA VEXETAL	00C02	BIOLOXIA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	Vigo	2024-09-16
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2024-09-20
A0195	DIDACTICA DA LINGUA E A LITERATURA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Ourense	2024-09-23
A0195	DIDACTICA DA LINGUA E A LITERATURA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2024-09-23
A0200	DIDACTICA DA MATEMATICA	00C06	MATEMATICAS	Ourense	2024-09-23
A0165	DEREITO MERCANTIL	00X02	DEREITO PRIVADO	Vigo	2024-09-24
A0187	DIDACTICA DA EXPRESION CORPORAL	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2024-09-27
A0412	FISIOLOXIA VEXETAL	00C02	BIOLOXIA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	Vigo	2024-10-17
A0805	TEORIA E HISTORIA DA EDUCACION	00X01	ANALISIS E INTERVENCION PSICOSOCIOEDUCATIVA	Pontevedra	2024-12-15
A0215	DIDACTICA E ORGANIZACION ESCOLAR	00X04	DIDACTICA, ORGANIZACION ESCOLAR E METODOS DE INVESTIGACION	Ourense	2024-12-15
A0245	EDUCACION FISICA E DEPORTIVA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2025-01-24
A0450	HISTORIA CONTEMPORANEA	00H05	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFIA	Pontevedra	2025-01-28

Selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de TU

C. Área	Área	Dpto	Departamento	Campus	Data aced
Novo bloque (actualización setembro 2025)					
A0305	EXPRESION GRAFICA NA ENXEÑERÍA	00T01	DESEÑO NA ENXEÑERÍA	Vigo	2019-01-15
A0305	EXPRESION GRAFICA NA ENXEÑERÍA	00T01	DESEÑO NA ENXEÑERÍA	Vigo	2023-04-19
A0620	METODOLOGIA DE LAS CIENCIAS Y DEL COMPORTAMIENTO	00X01	ANALISIS E INTERVENCION PSICOSOCIOEDUCATIVA	Ourense	discrecional
A0305	EXPRESION GRAFICA NA ENXEÑERÍA	00T01	DESEÑO NA ENXEÑERÍA	Vigo	2024-07-18
A0215	DIDACTICA E ORGANIZACION ESCOLAR	00X04	DIDACTICA, ORGANIZACION ESCOLAR E METODOS DE INVESTIGACION	Ourense	2025-02-24
A0690	PINTURA	00H08	PINTURA	Pontevedra	2025-02-25
A0260	ESCULTURA	00H07	ESCULTURA	Pontevedra	2025-02-25
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2025-02-28
A0567	LINGUA ESPAÑOLA	00H10	LINGUA ESPAÑOLA	Vigo	2025-03-14
A0600	MECANICA DE FLUIDOS	00T03	ENXEÑERÍA MECANICA, MAQUINAS E MOTORES TERMICOS E FLUIDOS	Vigo	2025-03-17
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2025-03-28
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Vigo	2025-04-07
A0015	ANALISE MATEMATICO	00C06	MATEMATICAS	Vigo	2025-04-30
A0200	DIDACTICA DA MATEMATICA	00C06	MATEMATICAS	Pontevedra	2025-05-13
A0065	CIENCIA DOS MATERIAIS E ENXEÑERÍA METALURXICA	00T05	ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECANICA APLICADA E CONSTRUCCION	Vigo	2025-05-19
A0590	MAQUINAS E MOTORES TERMICOS	00T03	ENXEÑERÍA MECANICA, MAQUINAS E MOTORES TERMICOS E FLUIDOS	Vigo	2025-05-28
A0520	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMATICA	00T07	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMATICA	Vigo	2025-06-18
A0155	DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO	00X02	DEREITO PRIVADO	Ourense	2025-07-14

Virxilio Rodríguez intervéñ para dicir que, facendo historia, en outubro de 2025 aprobáronse as áreas de coñecemento para a selección de prazas de PPL e a creación das prazas correspondentes, 48 prazas, 44 por antigüidade e 4 discrecionais, con cargo a OPE do 2023. Hoxe di que aprobamos o mesmo, CU e TU, con cargo á OPE do 2024. Entende que quedaría executada a OPE 2023 para prazas de PPL, a OPE do 2024 para prazas de TU e CU, e tamén aprobouse a OPE do ano 2025 para

prazas de CU e TU. Pregunta cando se vai iniciar, se hai previsión, a execución da OPE do 2025, para CU e TU, e a OPE do 2024 para os PPL.

A vicerreitora introduce un matiz, xa que a OPE do 2024 de prazas de titular non está executada ao 100% porque faltan as prazas do 15%, que irán executando a medida que se vaian xerando (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo). Engade que a previsión é comezar coas prazas de PPL da OPE do 2024, son moitas, e se publicarán no DOG o antes posible.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen presenta para a súa aprobación a seguintes áreas de coñecemento, así como a creación das prazas correspondentes:

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 15 de decembro de 2025

CENTRO	Normas		PDA 2026/2027		Dif.	2026/27		Axuste	
	Horas TMG	Horas Min.	Total	%		PDA máx.	Proposta	Diferenza	%
305 Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	7923,75	1183	9106,75	5,7 %		9106,75	9200	93,25	1,0 %
126 horas comprometidas a custo cero									
306 Facultade de Comercio	3845,09		3845,09	-3,8 %		3996,00	3950	-46,00	-1,2 %
Reserva 45 horas para 21494 - Idioma para a comunicación internacional: francés no caso de alcanzar 5 alumnos/as									
CENTRO	PDA 2025/2026		Normas PDA 2026/2027		Dif.	2026/27		Axuste	
	Horas TMG	Horas Min.	Total	%		PDA máx.	Proposta	Diferenza	%
308 Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	8177	7634,88	7634,88	-6,6 %		7634,88	7928	293,12	3,8 %
Axuste do 3 % para converxencia no 5 %									

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 15 de decembro de 2025

NOVOS CURSOS PARA IMPARTIR DE GRAOS MODIFICADOS

GRAO	CURSO
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	2.º
Grao en Deseño	4.º
Grao en Enxeñaría da Automoción	3.º
Grao en Actividade Física e do Deporte	4.º
Grao en Bioloxía (*)	1.º-4.º
Grao en Publicidade e Relacións Públicas (*)	1.º
Grao en Economía (*)	Non muda o plan
Grao en Relacións Internacionais (*)	Non muda o plan

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai a seguinte presentación:

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 15 de decembro de 2025

PDA máxima curso 2026/2027					
Denominación	PDA máxima	PDA 2025/2026	Proposta	Diferenza	%
Mestrado universitario en biodiversidade terrestre: caracterización, conservación e xestión	345	345	315,5	29,5	-8,5 %
Mestrado universitario en química teórica e modelización computacional	20		20		0,00 %
Mestrado universitario en vehículos autónomos	426		426		0,00 %
Mestrado universitario en traballo social no ámbito sanitario			0		0,00 %

Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 15 de decembro de 2025

NOVOS CURSOS PARA IMPARTIR DE MESTRADO	
MESTRADO	CURSO
Mestrado en prevención e tratamento das drogodependencias e condutas aditivas	1.º
Mestrado en realidade estendida	2.º
Mestrado en enxeñaría de telecomunicación	2.º
Mestrado en química teórica e modelización computacional (*)	1.º
Mestrado en traballo social no ámbito sanitario (*)	1.º
Mestrado en vehículos autónomos (*)	1.º
Mestrado en comunicación en medios sociais e creación de contidos (**)	1.º
Mestrado en xestión sostible da auga (**)	Non muda o plan

(*) En proceso de informe de verificación da ANECA e da ACSUG

(**) En proceso de informe de modificación da ACSUG

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa sobre o seguinte límite de prazas:

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 15 de decembro de 2025

Anexo I

UNIVERSIDADE DE VIGO-Oferta de prazas de grao 2026/2027

Cód. RUCT	TITULACIÓN DE GRAO (por orde alfabética e en castelán)	CENTRO	PRAZAS MEMORIA	OFERTADAS CURSO 2025/2026	OFERTADAS CURSO 2026/2027	OBSERVACIÓNS UVigo
2500466	Comunicación Audiovisual	Facultade de Comunicación	50	50	45	Redución de 5 prazas para o programa de simultaneidade
2501202	Enfermería	Escola Universitaria de Enfermaría (Ourense)	57	55	57	Adaptación á oferta da nova memoria
2502247	Ingeniería en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	64	64	61	Solicitude de 3 prazas menos
	Ingeniería de Tecnoloxías Navales para la Defensa	Centro Universitario da Defensa (Marín)	110			Novo plan de estudos pendente de acreditación da ACSUG. As prazas son aprobadas no BOE
	Programa de Simultaneidad Comunicación Audiovisual y Publicidad y Relaciones Públicas	Facultade de Comunicación	10		10	Proposta de novo programa de simultaneidade (aprobación DI no CG de novembro 2025)
2500467	Publicidad y Relaciones Públicas	Facultade de Comunicación	100	100	95	Redución de 5 prazas para o programa de simultaneidade
2501123	Relaciones Laborales y Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	80	65	70	Solicitude de 5 novas prazas

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen refire información sobre o límite de prazas de titulacións de máster:

Informada favorablemente por asentimento na sesión da
COAP do 15 de decembro de 2025

Anexo I
UNIVERSIDADE DE VIGO - Oferta de prazas de mestrado 2026/2027

Cód. RUCT	TITULACIÓN DE MESTRADO (por orde alfabética e en castelán)	CENTRO	PAZAS MEMORIA	OFERTADAS CURSO 2025/2026	OFERTADAS CURSO 2026/2027	OBSERVACIÓNS UVigo
4312601	Ciencia y tecnología de conservación de productos de la pesca	Facultade de Química	30	0	30	Oferta bianual
4317228	Dirección e innovación de la cadena de suministro	Escola de Enxeñaría Industrial	35	33	35	Solicitude de 5 prazas máis na memoria
4310390	Energía y sostenibilidad	Escola de Enxeñaría Industrial	50	0	30	Suspensión no curso 2025/2026
4313049	Mecatrónica	Escola de Enxeñaría Industrial	50	30	35	Solicitude de incremento de 5 prazas
3500739	Prevención y abordaje multidisciplinar de las drogodependencias y conductas aditivas	Facultade de Educación e Traballo Social	10	0	10	Adiado ao curso 2026/2027
	Química teórica y modelización computacional	Facultade de Química	5		5	Pendente de informe de verificación da ANECA
	Trabajo social en el ámbito sanitario	Facultade de Educación e Traballo Social	8		8	Pendente de informe de verificación da ANECA

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

16. Renovación, se procede, do acordo para a equiparación do salario do persoal investigador Ramón y Cajal ao da figura de profesorado contratado doutor/ profesorado permanente laboral, sen prexuízo de que se a convocatoria de axudas Ramón Cajal fixase unha retribución superior, será de aplicación esta última.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, coa seguinte presentación:

O persoal que ten contrato Ramón y Cajal ten unha táboa salarial acordada por Consello de Goberno (Acordo Consello Goberno 30/11/2021: equiparación salarial a Profesor/a Contratado/a Doutor/a con efectos 01_01_2022) e non poden percibir outra retribución, salvo que o propio Consello de Goberno acorde outras retribucións.

A convocatoria de RyC dende o ano 2021 contempla dúas fases para os contratos. Aínda que se formaliza un contrato de cinco anos igualmente, se reúnen os requisitos de calidade, acceden á segunda fase na que o salario mínimo é de 39.900 euros anuais (3.325 brutos mensuais)

Recibimos o resultado de avaliación de catro persoas, tres acadan os requisitos para acceder á segunda fase. Polo tanto deberían empezar a cobrar iso desde a data que corresponda da avaliación (01/12/2025 o 1/01/2026).

Artículo 51. *Características de las ayudas.*

1. Las ayudas para la contratación de personal investigador concedidas tendrán una duración de cinco años y comenzará a contar su plazo desde la fecha de incorporación del personal investigador a su puesto de trabajo en el centro de I+D contratante.

2. La duración de la ayuda estará dividida en dos fases:

a) La primera fase, que tendrá una duración mínima de tres años, equivale a las ayudas Juan de la Cierva-incorporación de convocatorias anteriores. Esta fase tiene como objetivo afianzar las capacidades adquiridas durante una primera etapa previa de formación posdoctoral.

b) La segunda fase tendrá una duración máxima de dos años. Para poder acceder a esta segunda fase, la persona investigadora podrá presentarse a partir de la finalización del segundo año a una evaluación de su actividad científico-técnica que se realizará teniendo en cuenta los criterios para ser investigador/a R3 –investigador/a establecido/a–, contenidos en la Estrategia de recursos humanos para investigadores de la Unión Europea (HRS4R por sus siglas en inglés), cuyos descriptores figuran en el anexo IV, y según el procedimiento descrito en el artículo 63.3. Cuando la evaluación sea positiva, de acuerdo con los criterios previamente mencionados, la persona investigadora accederá a una fase del programa que estará dirigida a adquirir las competencias y capacidades que permitan obtener un puesto de carácter estable y se incrementará la cuantía de la ayuda. El acceso a la segunda fase será efectivo a partir del momento en que resulte vigente la adenda al contrato, en los términos descritos en el artículo 63.3 de esta orden.

BOE 312, 29 de decembro do 2021

UniversidadeVigo



3. Durante los primeros tres años y hasta obtener, en su caso, la evaluación positiva como investigador/a establecido/a (primera fase), la ayuda anual para cada uno de los contratos será de 35.450 euros. La retribución mínima que deberán recibir las personas contratadas, que se deberá indicar en cada contrato, será de 33.300 euros brutos anuales.

Durante la segunda fase, la ayuda anual para cada uno de los contratos será de 44.000 euros. La retribución mínima que deberán recibir las personas contratadas, que se deberá indicar en cada contrato, será de 39.900 euros brutos anuales.

Los importes de las ayudas anuales indicadas anteriormente, cuando así proceda, se modificarán proporcionalmente en función del número de meses de contrato en cada una de las dos fases.

La ayuda se destinará, conforme a lo dispuesto en el artículo 8.2.a) de esta orden, necesariamente a cofinanciar el salario y la cuota empresarial de la Seguridad Social de las personas contratadas durante cada una de las anualidades, consideradas independientemente.

Art. 51 continuación

UniversidadeVigo



Apróbase por asentimento.

17. Ratificación, se procede, dos cambios de vogais no Comité de Publicacións.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen ofrece a seguinte información:

- *Baixa voluntaria de MARTA PÉREZ RODRÍGUEZ (PDI sector científico-tecnolóxico), sexa ratificada a inclusión de **MARÍA ARANGUREN GASSIS** (Profesora Titular no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal), como vogal da Comisión de Publicacións polo devandito sector.*
- *Baixa esixida pola normativa de PABLO VILAS SANTAMARÍA (Doutoramento), que defendeu a súa tese o 16/09/2025, sexa ratificada a inclusión de **KATIA ROLÁN GONZÁLEZ** (Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos) como vogal da Comisión de Publicacións polo devandito sector.*

Ratificada pola Comisión de Publicacións o día 31 de outubro de 2025

Apróbase por asentimento.

18. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 5 PTXAS; 5 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.

- **5 PDI**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **5 PTXAS**

Presentouse a seguinte candidatura:

- José Manuel García Eirín

Non é necesario celebrar eleccións.

- **5 estudantes**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **4 decanos/as ou directores/as de centro**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **4 directores/as de departamento**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **1 membro do Consello Social**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **1 axente externo/a**

Non se presentou ningunha candidatura.

19. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.

Non se presentou ningunha candidatura.

20. Quenda de intervencións.

Miguel Piñero, representante na Facultade de Comercio, pregunta sobre o plan a extinguir e o plan novo. No plan a extinguir, non entende por que se cobra a materia completa, xa que se non teñen dereito a docencia debería ser un prezo máis asumible, porque non teñen dereito á avaliación continua.

O reitor di que vai preguntar sobre ese tema para ver as posibles opcións, e a vicerreitora de Estudantado vai facer a consulta para ver se poden ser mais económicas esas materias.

Concepción Paz intervéñ a continuación para dicir que está pendente a liquidación do pagamento de persoas que estiveron como profesores invitados no primeiro cuatrimestre no seu departamento, polos motivos legalmente establecidos, neste caso por unha baixa de enfermidade e outros pendentes da lista de agarda que foron mentres profesores invitados. Son persoas que levan dous meses e pico e que non teñen recibido o pago de ingresos dentro do 2025, e ademais, ante a pregunta formulada ao respecto, a resposta foi que se liquidaría a finais do cuatrimestre, pero debería iniciarse o trámite.

O reitor di que van a ver se se poden pagar o antes posible.

Non hai mais intervencións.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:57 h. do día 22 de decembro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral